



Manifestación da Plataforma Transporte Público Digno Val Miñor

O BNG comprométese a resolver o problema da mobilidade no Val Miñor

A mobilidade é un dos elementos necesarios que temos como sociedade. Éo pola importancia da relación co medio en que vivimos, para facer as nosas tarefas do día a día, para achegar a cultura á poboación, ou para as persoas maiores. En definitiva, é un factor esencial nas nosas vidas.

Para garantirmos unha mobilidade xusta e sustentábel, debe de prevalecer o transporte público fronte aos vehículos particulares. A emerxencia climática obríganos a ir por ese camiño, pero o servizo ten que ser eficaz.

O plan de mobilidade redactouse sen ter en conta a densidade poboacional que temos aquí. Isto aféctanos da seguinte maneira: se collemos un autobús Vigo-Panxón, o plan de mobilidade pon que debe de chegar en 40 minutos, polo que non ten en conta a posibilidade de tráfico, o número de pasaxeiros que usan frecuentemente esta liña, etc. En consecuencia, resulta difícil que un bus chegue á hora, se non se fai unha boa planificación que teña en conta a realidade da zona.

E isto en que afecta ao Val Miñor? En todo, xa que non hai unha organización axustada á realidade, nin ás demandas da xente, nin aos núcleos poboacionais. Calquera mozo ou moza de Nigrán que teña que ir ao CUVI, terá que viaxar ou en coche, ou terá que coller un bus a Gondomar e outro para a Universidade, coa consecuenta perda de tempo.

Desde que entrou Lugove a dar servizo a Nigrán, modificáronse os horarios. Cando antes tiñamos unha diferenza de media hora entre as rutas Vigo-Baiona e Vigo-Gondomar, agora saen os dous ao mesmo tempo, co cal a xente deberá esperar unha hora até que pase o seguinte e así sucesivamente. E eses cambios fixéronse sen unha nota aos medios, co cal unha persoa maior que non manexe Internet, non se vai poder informar.

A consecuencia de todo isto son buses cheos e xente tirada. Mentres tanto, favoreceremos a emigración cara as grandes cidades, xa que terán mellores servizos e condicións de vida, e o despoboamento do rural aumentará, porque a xente quere ir a aqueles lugares onde lles sexa máis doado vivir. Se queremos facer que Nigrán sexa un lugar para vivir, hai que ofrecer o maior nº de servizos posíbel. Non queda outra.

A Xunta gobernada polo PP ten toda a responsabilidade: por incompetencia, por favorecer o monopolio do sector, por non facer unha planificación adecuada ao país e por non facer un control do correcto funcionamento do sistema.

Despois de anos de gobernos dun PP ao servizo de Monbus, cun goberno presidido por Ana Pontón, os intereses das galegas e dos galegos estarán por riba dos das empresas concesionarias.



O portavoz municipal do BNG, Xavier Rodríguez, intervindo nun Pleno

O BNG incrementa o traballo municipal na defensa dos intereses da veciñanza

Tras as eleccións de maio do ano pasado o BNG volveu á corporación municipal de Nigrán. Podemos dicir que a nosa presenza notouse xa dende o inicio do novo período, opóndonos dende o pleno de organización ao rodete antidemocrático que impuxo o PSOE, excluíndonos da representación na Mancomunidade do Val Miñor ou aprobando desproporcionadas subas de salarios para membros do goberno ou persoal eventual.

Na mesma liña criticamos a modificación do Plan de Subvencións para poder repartir 237.500 euros a dedo, en vez de convocatorias públicas por concorrencia competitiva, ao mesmo tempo que continuamos coa nosa liña irrenunciábel de defensa do medio, como a denuncia pública da destrución do xacemento etnoarqueolóxico da antiga telleira de Nigrán.

Fixémonos eco da demanda de seguridade viaria da veciñanza da rúa Bouzavella e conseguimos, tras unha consulta pública que nada resolveu, que o pleno aprobara, co único apoio do BNG ante a abstención dos outros grupos, instar ao goberno municipal á redacción dun proxecto para a vía, que delimite unha senda peonil ao longo do seu percorrido.

Con todo, somos conscientes que é o goberno quen ten que executalo, polo que estaremos vixiantes para que así sexa.

PXOM E SUBA DO IBI

En relación ao PXOM defendemos a nosa postura de abrir un novo trámite de exposición pública do plan, tras máis de dez anos da aprobación inicial, para que toda a veciñanza teña a garantía de poder alegar despois de todos os cambios producidos en tan longo período. Discutimos que esta nova información pública atrase de xeito significativo a entrada en vigor do documento e, pola contra, dotaría de transparencia e participación ao plan xeral.

Neste sentido obrigamos a que o pleno tivera que pronunciarse ao respecto, aínda que, desgraciadamente, a oposición do PSOE impediu que se acordara o establecemento dun novo período de exposición pública.

Do mesmo xeito opuxémonos á desproporcionada suba dun 20 % do imposto de bens inmóbeis, totalmente inxustificada se temos en conta a saneada situación económica do Concello.

Os investimentos necesarios para o Val Miñor defendidos polo BNG rexeitados polo PP

O BNG propuxo emendas aos Orzamentos da Xunta deste ano para adicar investimentos ao Val Miñor, mais o PP rexeitou todas. Queda claro que Rueda e o PP non teñen en conta as necesidades reais dos cidadáns e das cidadás.

Nestas emendas propuxemos, entre outras, a creación dunha nova escola infantil pública en Nigrán que cubra a alta demanda existente, xa que moitas familias non poden acceder a unha praza para as súas crianzas no noso concello.

Ademais, propuxemos a creación dun punto de encontro familiar mancomunado, que lles evite ás familias ter que se desprazar a Vigo. Outra das nosas emendas dirixíase a crear unha partida para a construción dunha residencia pública para as persoas maiores que ofrezca unha cobertura tan necesaria sen depender do importe económico da pensión que reciben.

No eido sanitario fixemos fincapé na necesidade de mellora do servizo de saúde mental no PAC da Xunqueira.

Por outra banda, seguimos a reclamar a eliminación das peaxes na AG-57, de titularidade da administración galega, un Plan de Rexeneración do ecosistema da Foz do Miñor para que volva ser un banco marisqueiro que xere traballo, así coma un Plan de Reforestación dos montes con especies autóctonas.



Galiza gaña co acordo de investidura asinado polo BNG

O BNG conseguiu, co acordo de investidura de Pedro Sánchez, melloras que benefician á maioría social da Galiza. Pese á manipulación do PP que trata de agochar estes logros, a realidade é que a AP-9, esa estafa auspiciada polo PP e Aznar que prorrogaron até o ano 2043, debía rematar o ano pasado. Co acordo do BNG resultará un 75% máis barata ás persoas usuarias habituais. É dicir, unha rebaixa que favorecerá a moitas pequenas e medianas empresas do noso País.

Outros compromisos que logrou o BNG son: a condonación da débeda na mesma porcentaxe que Catalunya; a creación de cinco novos Xulgados de Violencia de Xénero; actuacións en todos os tramos de concentración de accidentes na Rede de Estradas do Estado; un Plan Integral de Modernización da Rede Ferroviaria; a implantación do tren de proximidade ('Cercanías'); a conexión entre Vigo e a Fronteira Portuguesa; un plan de substitución e mellora do material rodante Vigo-Porto e a mellora das frecuencias; ampliar o permiso de paternidade e maternidade a 20 semanas; ou o mantemento da redución do prezo dos abonos de transporte, entre outros.

En definitiva, un acordo que mellorará a vida das galegas e dos galegos.

POLA VIDA DO MAR E CONTRA A INCOMPETENCIA

Xente do Val Miñor percorremos Compostela o domingo 21 "en defensa do mar", convocados por colectivos de mariñeiros, mariscadoras e ecoloxistas. Moitos eran voluntarios e voluntarias que se botaron aos nosos areais, coma cando o Prestige, para axudar coas súas mans e sen medios na recollida dos plásticos que inzan as nosas costas. Para eles todo o noso recoñecemento polo seu compromiso na defensa do medio.

A marea dos pellets, producida tras a caída de contedores dun buque e a liberación ao mar de centos de millóns de pequenas partículas plásticas, pon unha vez máis de manifesto a nefasta xestión do goberno de Alfonso Rueda, que volve botar man da mentira e da manipulación para tapar a súa absoluta incompetencia.

Coidar as rías, o mar e os sectores produtivos que del viven, debe ser unha prioridade na axenda do novo goberno da Xunta. É agora.



ANA PONTÓN: candidata á Presidencia da Xunta de Galiza

"CHEGOU O MOMENTO DUN
CAMBIO A MELLOR. DÁ
IGUAL O QUE A XENTE
VOTASE NOUTROS
MOMENTOS, DESTA VEZ É O
MOMENTO DE VOTAR BNG"



Estamos a poucos días das eleccións. Vai haber cambio?

Si, vaino haber. Temos diante unha oportunidade histórica, das que pasan cada bastantes anos, e hai que aproveitala. Non pode quedar ninguén na casa e ningún voto se pode perder. Se todas as persoas que queremos que haxa cambio en Galiza imos votar, haberá cambio.

Vostede pide o voto a todas as persoas que queren un cambio, votasen o que votasen outras veces.

Exacto. Porque eu sei que hai moitas formas de sentirse galego ou galega e penso que todas son necesarias para construír a Galiza mellor que queremos. A todas as persoas que noutros momentos non foron votar, ou votaron por outras opcións, dicímoslles: desta vez, colle a papeleta do BNG. Este é o momento de facelo. Son a candidata do cambio galego.

O PP está cunha campaña moi agresiva e falando de temas alleos a Galiza.


Estas eleccións van da vida dos galegos e das galegas, van do futuro do noso país.

Penso que o PP se equivoca querendo traer para Galiza a crispación, os insultos e o ruído da política madrileña. Aquí non somos así. Nós queremos falar de industria, de emprego, de sanidade, das pensións, das residencias, do prezo da vida, e eles están coa matraca da amnistía, de Puigdemont e de todo iso. Sempre que os escoito penso: se teñen que falar diso é que non teñan nada que ofrecer aos galegos e galegas.

Como sería un goberno galego presidido por Ana Pontón?

Eu quero poñer en marcha o mellor goberno galego da nosa historia. E teño moi claro que país quero: unha Galiza viva, forte, xusta e con futuro. Unha Galiza que se faga valer e respectar, que use os recursos galegos para crear emprego e riqueza aquí. Unha Galiza que coide da súa xente, que estea ao lado de quen traballa e se esforza para sacar a súa vida adiante, que apoie ás familias, aos autónomos, ás pequenas empresas. Unha Galiza sen complexos e orgullosa do que somos. Está nas nosas mans facer realidade esta Galiza mellor que queremos.

Contacta co BNG!

 Rúa Celso Emilio Ferreiro 3 -
baixo, 36203, VIGO (GALIZA)

 +34 986 44 73 00

 nigran@bng.gal

 @bngnigran



 @bngnigran



 @bng_nigran



 nigran.bng.gal

